


Camiñando xuntos

Guía de autonomía para o alumnado con discapacidade visual de 0 a 6 anos



Intervención en Atención Temprá

Intervención en Atención Temprá
Guías para familias de nenos con discapacidade visual

Camiñando xuntos: guía de autonomía para o alumnado con discapacidade visual de 0 a 6 anos

Primeira edición: xuño de 2021

© **Desta edición:**

Organización Nacional de Ciegos Españoles (ONCE)
Dirección General de la ONCE. Dirección de Educación, Empleo y Braille
Calle del Prado, 24; 28014 Madrid (España)

Edita:

Dirección de Educación, Empleo y Braille. Dirección General de la ONCE

Elaborou esta guía o Seminario de Atención Temprá do CRE da ONCE en Alacante:

Lourdes Amante Pérez, mestra; Elena Andrés Moya, psicóloga; Tamara Arráez Sánchez, mestra;
María Ayestarán González, mestra; Nieves Cabrero Flores, mestra; Esperanza Calderón Alonso, mestra;
Félix Dorado Gómez, psicólogo; Remedios Follana Culiáñez, mestra; Remedios García García, mestra;
Carmen M.ª García Olmos, mestra; M.ª del Carmen Martínez Martínez, psicóloga; Nuria Merchán Gómez, mestra;
M.ª Isabel Montoro Ruiz, mestra; Beatriz Patón Esteban, mestra; Isabel Salvador Xaixo, mestra.

Coordinadora desta guía: María Dolores García Payá, mestra.

Colaboradores da colección:

Pilar Carballo Lado — Pedagoga do CRE da ONCE en Pontevedra..
María Dolores García Payá — Mestra do CRE da ONCE en Alacante.
Francisco López Montellano — Mestre do CRE da ONCE en Madrid.
Montse Morral Subirá — Mestra do CRE da ONCE en Barcelona.
Coral del Pilar Regidor Poyatos — Mestra do CRE da ONCE en Sevilla.

Coordinadora da colección: M.ª Ángeles Lafuente de Frutos, técnica do Departamento de Atención Educativa da Dirección de Educación, Emprego e Braille da ONCE.

Ilustracións de Mariona Coma Segalés.

Deseño e maquetación: Francisco Javier Martínez Calvo.

Recoñecemento-NonComercial-SenObraDerivada · CC BY-NC-ND



Esta licenza Creative Commons permítelle descargar a guía e imprimila para o seu uso persoal, así como compartila con outras persoas, sempre que se recoñeza a súa autoría. Non permite cambiar de ningunha maneira o seu contido nin utilízalo comercialmente.

O material de estimulación que se propón nestas guías foi seleccionado cunha finalidade terapéutica. Dadas as características da poboación á que vai dirixido, para garantir a seguridade e previr accidentes, débese utilizar unicamente baixo a vixilancia e a supervisión dun adulto.

A ONCE adquiriu un compromiso firme na defensa e a aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e entende que debe velar polo uso dunha linguaxe non sexista na comunicación interna e externa da Organización. Para iso, tenta recorrer a técnicas de redacción que permitan facer referencia ás persoas sen especificar o seu sexo. Con todo, nos documentos normativos en ocasións é necesaria a utilización de termos xenéricos, especialmente nos plurais, para garantir a claridade, o rigor e a facilidade de lectura, sen que isto supoña unha ignorancia en canto á necesaria diferenciación de xénero, nin un menor compromiso da Institución coas políticas de igualdade e contra a discriminación por razón de sexo.

Índice

Presentación das Guías para familias de nenos con discapacidade visual	4
As guías	4
Introdución	5
Xa estamos xuntos	5
Primeiros meses	5
6 meses – 1 ano	6
Quero coñecer o mundo. Guíame	7
De 12 a 18 meses	7
De 18 a 24 meses	8
Son «grande», podo aprender a facer as cousas eu só!	8
De 2 a 3 anos	8
Xa vou ao cole, seguimos aprendendo	10
De 3 a 4 anos	10
É hora de practicar!	11
De 4 a 5 anos	11
Xa son maior: grazas por ensinarme tanto	12
De 5 a 6 anos	12

Presentación das Guías para familias de nenos con discapacidade visual

Tras a análise e a valoración realizados en cursos pasados sobre a situación actual da intervención educativa da ONCE, a través dos seus cinco Centros de Recursos Educativos (en diante, CRE) e os Equipos Específicos de Atención Educativa á Discapacidade Visual, creáronse varias comisións ou grupos de traballo. A comisión encargada da Atención Temperá está composta polos cinco enlaces do Grupo Dinamizador da Atención Temperá da ONCE (Grupo DATO) nos CRE da ONCE e a coordinación deste grupo dende a Dirección Xeral desta Entidade.

Un dos obxectivos que se expuxo dende esta comisión foi elaborar unha serie de documentos, en forma de guías dirixidas ás familias, para acompañar a intervención dos profesionais cos nenos atendidos nos servizos de atención temperá e de apoio á educación infantil. Para iso, contouse coa colaboración dos seminarios para a Atención Temperá en cada un dos CRE.

O obxectivo é contribuír á intervención en atención temperá dos nenos e das nenas con discapacidade visual, ao apoio directo a esta poboación e ás súas familias e como recurso educativo para os seminarios de atención temperá nos CRE, para promover o traballo en rede e a posibilidade de seguir compartindo materiais, documentación e información, sendo un recurso máis de apoio para profesionais. Confiamos en que estas accións de difusión contribúan a visibilizar a Atención Temperá, as necesidades do persoal profesional implicado, o tipo de intervención que debe desenvolverse e os recursos necesarios para facelo.

As guías

As guías que agora presentamos van dirixidas especialmente ás familias, aínda que o seu contido é tamén de interese para o colectivo profesional. Son as seguintes:

- **Guía *Imos xuntos para un primeiro achegamento das familias á atención temperá.*** Esta guía dirixese a proxenitores de nenos e nenas con cegueira ou con deficiencia visual grave, co afán de ofrecerlles apoio dende o mesmo intre en que sospeitan ou reciben a noticia de que o seu fillo ou a súa filla padece unha afección visual.

Os profesionais do servizo de Atención Temperá apoian as familias dedicando todo o seu esforzo e experiencia a lograr que se sintan capaces de identificar e de interpretar correctamente os estados emocionais e as necesidades dos seus fillos a través das súas condutas e, así, afrontar a tarefa vital que supón a crianza, con confianza e plena de satisfaccións.

- **Guía de autonomía *Camiñando xuntos.*** Esta guía pretende orientar as familias e os profesionais no desenvolvemento dos hábitos na alimentación, o aseo, o vestido e a orde, así como de aspectos relacionados coa mobilidade para favorecer a autonomía en idades de 0 a 6 anos. «Os nenos non terán éxito grazas ao que fagas por eles, senón grazas ao que lles aprendas a facer por si mesmos» (Ann Landers).
- **Guía para a estimulación visual *Mirando xuntos.*** Esta guía vai dirixida ás familias e ós profesionais que interactúan con nenos que teñen un déficit visual grave. Propón un achegamento sinxelo e comprensible aos factores básicos que habemos de ter en conta na evolución do bebé con baixa visión a través de recursos, xogos e elementos básicos que son estimulantes para o resto visual do neno. Este traballo é froito do estudo, a experiencia e a reflexión continuados dos profesionais dos servizos de Atención Temperá da ONCE.

Así mesmo, o obxectivo é dar a coñecer os servizos que ten a ONCE para poder traballar e acompañar as familias neste percorrido, ofrecendo un soporte individual para cada unha delas a través do coñecemento, a observación e o traballo directos co grupo familiar e en particular co seu bebé.

Introdución

Ola a ti, que estás a consultar esta guía. Queremos darche a benvinda e transmitirche o noso desexo de que che sexa de utilidade e che sirva para descubrir cantas cousas poden aprender e facer os nenos con discapacidade visual grave. As orientacións que inclúe están centradas na área da autonomía persoal, especialmente naqueles aspectos nos que o teu fillo pode atopar máis dificultade, non porque non sexa capaz de aprender, senón porque para iso necesita máis axuda pola nosa banda.

Fomentar a autonomía dos nosos nenos é unha das mellores cousas que podemos facer por eles, non só porque aprenden a facer cousas por si sós, senón porque lles estamos aprendendo a creren neles mesmos, porque lles transmitimos confianza nas súas posibilidades e porque os preparamos para os múltiples retos que virán no futuro. Por se todo isto non fose suficiente, tamén debemos ter en conta a gran satisfacción que lles produce aos nenos o facer algo por si mesmos, o orgullosos que se senten cando o logran, e máis se nós lles demostramos o moito que valoramos os seus avances. Ver as limitacións que poden ter os nenos con discapacidade visual grave nos seus primeiros anos de vida pode levarnos a sobreprotexelos, a facelo todo por eles, sen decatarnos de que, desta forma, estamos a privalos da oportunidade de aprender facendo as cousas por si mesmos. Isto pode levarnos máis tempo e esforzo, pero é unha meta que merece a pena.

Desexamos que atopes nestas páxinas a información que poidas necesitar para iniciar este camiño, longo pero esperanzador. Non esquezas que non vas estar só e que os profesionais especializados na atención a nenos con discapacidade visual grave van estar ao teu lado en todo o que necesites.


Xa estamos xuntos

Primeiros meses

- Encántame que as persoas ás que quero me toquen e me collan. Para min é un pracer tocar as caras cheas de trazos e sons. Axudame a interesarme máis adiante polo mundo dos obxectos.
- Cando me falas suavemente, me cantas... reconfórtame a túa voz e o teu olor; aprendo a identificarte.
- Cando me alimentes, dime onde está o peito ou o biberón, tocando lixeiramente o lado da cara. Eu buscareino e collereino coa miña boca. Pon as miñas mans para que vaia aprendendo a collelo.
- A hora do baño é das miñas preferidas. Se me permites patexar e mover os brazos, **podo crear ata un tsunami!!!** Unha masaxe para rematar axudame a coñecer o meu corpo.
- Colócame todos os días boca abaixo para poñerme forte e facilitar máis adiante o desprazamento.

- As miñas mans son unha fonte enorme de coñecemento. Dáme a posibilidade de experimentar con obxectos de distintos sons, formas, texturas... Interesárame aos poucos querer collelos e xogar con eles.

Ilustración 1. O bebé pode participar na súa alimentación dende o primeiro momento



6 meses – 1 ano

- Cando me vistas, non fagas por min todos os movementos. Deixa que estire os meus brazos e as pernas.

Ilustración 2. O bebé realiza os movementos para vestilo con máis facilidade



- Non me deas todo na man. Acompaña as miñas mans aos obxectos e eu tentarei collelos. Encántame xogar a atopar cousas. Aprendo que os meus xoguetes están onde me caen ou os deixo.
- Dáme a oportunidade de probar alimentos novos para descubrir sabores, texturas... Teño que aprender a mastigar.
- Hai alimentos que **xa** podoo coller e levar á boca. Se me ensinas a ir alimentándome, aos poucos deixarei de necesitar que o fagas por min.

Quero coñecer o mundo. Guíame

De 12 a 18 meses

- Xa teño un ano e quero aprender a utilizar a culler e o vaso, pero ao principio vou necesitar que te poñas detrás de min e guíes os meus movementos.
- Cando me ensines a vestirme e desvestirme, fala comigo mentres o fas, cóntame o que estás a facer. Iso vaime a axudar a saber os nomes da roupa, a coñecer mellor o meu corpo e a aprender os movementos que teño que facer para quitarme ou poñerme as pezas de roupa. Non o fagas todo por min, eu tamén podoo colaborar.
- Noméame os obxectos que imos utilizar no baño, explícame para que serven e déixame que os toque.
- Podoo empezar a desprazarme (arrastre, gateo...). Gústame explorar os obxectos que atopo.


Ilustración 3. Cando inician a alimentación de forma autónoma, a través das mans reciben gran cantidade de estímulos sensoriais



De 18 a 24 meses

- Para que poida localizar os cubertos e o vaso, preciso que me poñas as cousas sempre no mesmo lugar.
- Podo usar a culler: aínda que ás veces me manche un pouco, vale a pena tentalo.
- Elixe a cor do prato e do vaso que máis contrasten e así poderei distinguir e localizar mellor os alimentos.
- Colaboro cando me peiteas, me lavas os dentes e me limpas os mocos. Como me custa imitarte, fagámolo xuntos.
- Xa podo quitarme sen axuda algunhas pezas de roupa sinxelas, como os calcetíns ou os zapatos. Quero aprender a poñermas, dáme tempo para practicar sen présas.
- Preciso un espazo amplo, coñecido e seguro para xogar e moverme.
- Estou empezando a dar os meus primeiros pasos. Cando explore, víxame e axúdame! Tentarei baixar do sofá e subir as escaleiras.

Ilustración 4. Ser capaz de desprazarse e de acceder a obxectos e lugares de forma independente potencia o seu desenvolvemento



Son «grande», podo aprender a facer as cousas eu só!

De 2 a 3 anos

- Podo asearme «só». Dáme as pautas que debo seguir; por exemplo, como se abre a billa, como enxaboarme... Sitúate por tras de min para guiarme e irei mellorando aos poucos.

- É hora de quitarme o cueiro! Lémbreme de cando en vez ir ao aseo. Non me rifes se se me escapa, necesito tempo.
- Axúdame a identificar todas as pezas de roupa que debo poñerme e non teñas présa, lembra que aprenderei un pouco máis amodo. Podo empezar a baixar e subir os pantalóns elásticos, quitarme con axuda a camiseta... Que non se che esqueza poñerte por tras de min!
- Para poder moverme con seguridade na miña contorna e saber onde están as cousas, necesito exploralo e coñecelo. Dáme puntos de referencia e afasta de min os perigos.
- Se me mostras un sitio **fixo** onde gardar os meus xoguetes, saberei onde atopalos e recollelos.
- Cando vaias cociñar, dime que é o que imos comer e amósame os alimentos e utensilios que utilizas para preparalos.
- Tamén é importante para min saber onde está o alimento no prato, así poderei tocalo cunha man mentres que, coa outra, podo usar a culler ou o garfo.
- Como calquera neno «grande» durmo só no meu cuarto, aínda que ás veces esperte chamándote.

Ilustración 5. O aseo persoal é un aspecto clave no autocoidado



Xa vou ao cole, seguimos aprendendo

De 3 a 4 anos

- Podo colaborar nas tarefas de ordenar: os xoguetes no cuarto, a comida na cociña. Cando o fago, síntome orgulloso e vexo que o esforzo merece a pena!
- Xoguemos a dicir partes do corpo. A ver se che gaño, porque eu coñezo moitas.
- Tamén podemos xogar a tocar un obxecto, ou a poñernos arriba, abaixo, diante ou detrás del.
- Podo pelar coas miñas mans unha banana, unha mandarina e ata un ovo duro!
- Quero aprender a botar auga no vaso.
- Se me aprendes, poderei poñerme eu só os pantalóns, o xersei e os zapatos.
- Case sempre me ergo seco da cama. Algún día podo ter algún escape; nese caso, axudo a cambiar as sabas.
- Desprázome facilmente pola miña contorna e podo chegar só aos meus lugares coñecidos.
- Necesito saír ao parque, xogar con outros nenos, bambearme, tirarme polo tobogán... Ensíname como, e mantente preto de min ao principio para darme seguridade.
- Necesito que me axudes a recoñecer algúns perigos. Así serei máis precavido e sabereinos evitar.

Ilustración 6. Xogar no parque de forma autónoma axúdame a ser libre



É hora de practicar!

De 4 a 5 anos

- Se me dás pistas visuais, auditivas e/ou olfactivas, podo desprazarme eu só por contornas que xa coñezo fóra da miña casa.
- Cando vou comer podo colaborar en moitas cousas: axudar a poñer e quitar a mesa, limpala... Tamén aprendo a manterme limpo usando o pano de mesa.
- Gústame sentirme limpo e aseado, xa non necesito que me axudes, pero lémbreme o que se me esquece. Se están as cousas no seu sitio, podo lavarme, participar activamente cando me bañas, peitearme e usar o váter eu só. Así tamén aprendo a ser moi ordenado, deixando cada cousa no seu lugar.
- Tamén me gusta sentirme guapo e elixir a roupa e os zapatos que me poño. Teño que coidar a miña roupa, coa túa axuda podo dobrala e gardala.
- Sei poñerme e quitarme eu só as pezas de roupa fáciles, pero necesito que me sigas axudando con algúns peches. As etiquetas e outras marcas axúdanme a saber cal é o dereito e o revés da roupa.
- Cando imos ao parque, gústame xogar cos amigos; quizais necesite axuda para saber onde están. Encántame brincar, correr, andar no triciclo...

Ilustración 7. Decidir a roupa que me vou poñer dáme seguridade e favorece a miña autoestima



Xa son maior: grazas por ensinarme tanto

De 5 a 6 anos

- Gústame servirme a auga. Meto os dedos, un pouquiño, na beira da cunca e así non se sae. Pódome preparar un sándwich paso a paso.
- Póño-me os zapatos. Empezo cos de velcro.
- Como xa sei onde está o cesto da roupa sucia, vou alí a deixala e axudo na bogada. Dobro a roupa limpa e colócoa sempre dentro dos caixóns.
- Sei lavarme os dentes, peitearme e usar a papeleira. Para iso só necesito que todo estea no seu sitio.
- Antes de ir ao cole estiramos as sabas da miña cama. Cada día sáeme mellor.
- Coñezo a importancia da seguridade. Por iso encántame encaixar o cinto cun clic ao subir ao coche, aínda que segue sendo necesario que me supervises e o comprobes.
- No cole, aprendín o percorrido do baño e da fonte. Se teño pis ou sede, só teño que pedir permiso á mestra.
- Tamén me ensinaron os números. Memoricei o teléfono dos meus papás. Se me indicas a posición das teclas, son capaz de chamar.
- Gústan-me as actividades deportivas: correr, nadar, xogar á pelota, ir en bicicleta con rodíñas... Busca momentos en que poida practicalas.


Ilustración 8. Cando participo na preparación da comida, sinto que é algo meu e cómo con máis ganas



**Aprendín moitas cousas, pero necesito facelas a miúdo
para chegar a ser unha persoa autónoma.**

Contacta connosco, estamos aí para axudarte.

CRE da ONCE en Alacante	965 267 000
CRE da ONCE en Barcelona	932 381 111
CRE da ONCE en Madrid	913 535 600
CRE da ONCE en Pontevedra	986 856 200
CRE da ONCE en Sevilla	954 989 311



Intervención en Atención Temprá

